

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA COMPOSTELÁ CELEBRA O DÍA NACIONAL DA ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

- Súmase á conmemoración da sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica, que este ano se centra na demanda de máis investigación neste eido
- O servizo de Oncoloxía Radioterápica compostelá lidera numerosas investigacións e desenvolve múltiples ensaios clínicos para diferentes patoloxías oncolóxicas
- O 60% dos pacientes con cancro reciben radioterapia, o 70% deles teñen intención curativa

Santiago, 19 de decembro de 2022.- A Área Sanitaria de Santiago e Barbanza apoia á Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica (SEOR) que hoxe celebra o Día da OR en España con motivo do aniversario da primeira curación documentada con radioterapia, o 19 de decembro de 1899. Con esta conmemoración buscan visibilizar esta especialidade e reivindicar máis investigación neste ámbito.

A investigación ocupa un lugar destacado no servizo de Oncoloxía Radioterápica de Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, así como a calidade asistencial contrastada o que lle permite ser de referencia para os doentes doutras áreas sanitarias.

Así, profesionais do servizo de Oncoloxía Radioterápica de área sanitaria compostelá son investigadores principais en múltiples ensaios clínicos en cancro de próstata, ademais tamén son co-investigadores en numerosos ensaios clínicos de combinación de radioterapia e inmunoterapia (cancro de pulmón, cancro ORL, cancro xinecolóxico). Participan en investigación competitivos en radi xenómica (xunto á Fundación Pública de Medicina Xenómica) e radiobioloxía.

O servizo compostelá é de referencia para radiocirurxía da poboación pediátrica das provincias da Coruña e Lugo e é o único servizo galego que dispón de radioterapia intraoperatoria, e referencia nacional (CSUR) de braquiterapia oftálmica (conxuntamente co servizo de oftalmoloxía). Na súa carteira de servizos tamén abordan tratamento radioterápico en patoloxía benigna como fascitis plantar ou cicatrices queloides.

O hospital Clínico de Santiago puxo en marcha o servizo de oncoloxía radioterápica en marzo do 2003. Os tumores de mama e de próstata son os máis frecuentes tratados no servizo, preto dun 20% cada un, amais dun 7% de cancro de pulmón e outro tanto de neoplasias de recto, e 5% de otorrinolaringoloxía. O 70% son con intención curativa e o resto, paliativa.

Antonio Gómez Caamaño, xefe do servizo e actualmente presidente da Sociedad Española de Oncología Radioterápica (SEOR) destacou que "a radioterapia é un pilar fundamental no tratamento do cancro". Cada ano, un 60% dos pacientes diagnosticados de cancro reciben radioterapia ao menos unha vez. Deles un de cada catro en máis dunha ocasión. Esta especialidade ten un papel destacado en máis dun 40% dos pacientes de cancro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

curados, e preto dun 16% das curacións son directamente atribuíbles á Radioterapia de maneira exclusiva.

Pódese administrar con intención de curar o cancro como único tratamento ou en combinación con outros tratamentos como cirurxía, quimioterapia, terapias hormonais, inmunoterapia...ou con intención paliativa para mellorar os síntomas e a calidade de vida dos pacientes.

Saúdos